



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2018/2
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018

ACTA Nº 2018/2

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN **MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018 -**



Concello de Vilasantar

ACTA N° 2018/2
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018

ACTA N° 2018/2

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO PEREZ FERNANDEZ

ASISTEN:

BNG

JOSE ANTONIO COTOS SEOANE

MARTA GARCIA SANCHEZ

ALVARO XESUS GARCIA FREIRE

PP

OSCAR VAZQUEZ CORRAL

JESUS GOMEZ GARCIA

JOSE DAVID PINTOR PAZO

JOSE EMILIO MAHIA NEIRA

MARIA DEL CARMEN TORREIRO COTOS

AUSENCIAS:

SECRETARIO:

AFONSO BIEITO LORENZO PENELA

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:04 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación. Hai un cidadán presente en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada. En consecuencia, a referencia horaria do inicio de tratamiento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, no seu caso, do borrador da acta da sesión anterior.
- 2.- Modificación, no seu caso, das ordenanzas do IBI, IAE e ICIO.
- 3.- Declaración de especial interese ou de utilidade municipal de diversas solicitudes en relaciona ao artigo 4.2 da Ordenanza nº 1 deste concello, reguladora do IBI.

1.- Aprobación, no seu caso, do borrador da acta da sesión anterior **(00' 01")**

Non se aproba a acta anterior por non se ter remitido previamente aos concelleiros.



2.- Modificación, no seu caso, das ordenanzas do IBI, IAE e ICIO. (00'54")

Xunto á convocatoria achegouse informe de secretaría-intervención, que se une como anexo I.

O expediente foi ditaminado favorabelmente pola Comisión especial de contas de data 2 de marzo de 2018.

A continuación o alcalde do concello explica o procedemento de aprobación e máis o acordo entre a Xunta e a Fegamp, co obxectivo de fomentar o emprego, lendo o protocolo de adhesión ao mesmo. Este acordo, que basicamente consiste na modificación destas tres ordenanzas, segundo o texto que le.

Engade que estas modificacíons resultan necesario para poder recibir subvencións da Xunta de Galicia en mellores condicións, co que manifesta o seu desacordo, pois entende que vai en contra da autonomía municipal.

Menciona o informe do secretario no cal se advirte que este acordo vai afectar á estabilidade orzamentaria e a regra do gasto.

A continuación indica que están de acordo con esta proposta pois, será ou non o mellor mecanismo para a creación e emprego, pero vai nese camiño e por outra banda, vai mellorar a nosa posición en relación a concesión de algunas subvencións.

Transcorridos (5'25") toma a palabra o concelleiro do BNG Álvaro García Freire quen pregunta se a bonificación sería pola existencia de postos de traballo en xeral ou só en Vilasantar, contestando o alcalde que é pola creación de novos postos de traballo en Vilasantar. Neste sentido indica que ten que haber unha previa declaración por este mesmo pleno de "especial interese ou utilidade municipal"

Continúa Álvaro García Freire advirte de que, na súa opinión, a bonificación no imposto do ICIO é incongruente coa suba que se realizou aínda non hai moito. Manifesta tamén que non están de acordo con que a Fegamp e a Xunta de Galiza mediaticen a concesión de subvencións á adopción destes acordos.

Transcorridos (09'50") procédese á votación, resultando aprobados os expedientes por unanimidade dos asistentes.

3.- Declaración de especial interese ou de utilidade municipal de diversas solicitudes en relaciona ao artigo 4.2 da Ordenanza nº 1 deste concello, reguladora do IBI (10'15")



Concello de Vilasantar

ACTA N° 2018/2
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018

A continuación dáse conta do artigo 4.2 da Ordenanza nº 1 deste concello, reguladora do IBI, que se reproduce a seguir:

Art. 4.2) - Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobilios nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

- No suposto que nun mesmo inmobilio existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmobilio se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha.

Estas dúas bonificacións só beneficiarán aos profesionais en activo do sector primario que desenvolvan actividades agrarias, gandeiras ou forestais. Aplicarase unha bonificación do 30% aos pensionistas do réxime especial agrario que xa non estean en activo, no caso de cumplir as prescricións contidas nos dous parágrafos anteriores.

Para poder aplicar esta bonificación á construción cuxa existencia motiva a súa solicitude, deberá estar dada de alta debidamente en Catastro e ter asignado un valor catastral económico

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioria simple dos seus membros.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao de presentación de solicitude.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria, gandeira ou forestal, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.

- Declaración de que no inmobilio para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal. Dita declaración deberá vir asignada polo suxeito pasivo.

- Acreditación da titularidade catastral do inmobilio.



Concello de Vilasantar

ACTA N^º 2018/2
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018

- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.
- No caso de pensionistas do Réxime especial agrario deberán de presentar xustificación da orixe da pensión.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto de esta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar no Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

En relación ao artigo anterior presentáronse un total de 125 solicitudes en data no Rexistro de entrada deste concello anterior ao 31 de decembro de 2017. As mencionadas instancias foron estudiadas por unha comisión que informou, en data 19-02-2018, positivamente 120 delas e negativamente ás 5 restantes, segundo informe e relación que se achegará á presente acta.

Xunto á convocatoria achegouse o informe da comisión de avaliación mencionada e máis informe de secretaría-intervención, que se une como anexo II e III.

A continuación o alcalde do concello explica o sentido da declaración que se pretende, que se deduce da propia ordenanza.

Seguidamente fai un repaso á tramitación que seguiu esta bonificación dende a proposta ata a aprobación definitiva, indicando que o 30-10- 2017 a equipa de goberno presenta ao pleno unha proposta de bonificación para construcións agrícolas, gandeiras ou forestais, a cal se aproba cos votos do PP e a abstención do BNG. O 06-11-2017 publícase no BOP a aprobación provisional, non habendo alegacións, elevándose a definitivo o 18-12-2017. Os vecíños presentan as 125 solicitudes ata o 31-12-2017 e, realizada a valoración pola comisión, é informada favoravelmente pola comisión de contas o 02-03-2017 cos votos favorábeis do PP e a abstención do BNG. Remata a exposición indicando que, ao terse presentado antes do fin de exercicio anterior, producirán efectos a partir do 1 de xaneiro deste ano.

Transcorridos (17'20") toma a palabra o concelleiro do BNG Álvaro García Freire preguntando quen é o titular da bonificación, o titular da leira ou quen leva a explotación, contestando o alcalde que a quen se bonifica é a leira, de feito a deputación o que pide é a referencia catastral.

Documento electrónico asinado digitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Digital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Concello de Vilasantar



ACTA N° 2018/2
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018

A continuación o mesmo concelleiro pregunta que se entende por xubilado, pois hai algúns que teñen vacas e, por tanto, serían titulares dunha explotación. Nese caso, pregunta, tería dereito a bonificación como pensionista (30%) ou como titular dunha explotación (50 ou 95%), contestando o secretario que se alguéun é pensionista non pode ser titular dunha explotación, evidentemente, ánda que poida ter un determinado número de vacas e ingresos.

Transcorridos (26' 45") toma a palabra o concelleiro do BNG José Antonio Cotos Seoane preguntando por que sistema de notificación se seguiu, pois houbo xente que non se enteirou, explicando o alcalde que foi mediante cartaces a través da páxina web, como sempre.

Transcorridos (28'45") procédese á votación, resultando aprobados os expedientes de Declaración de especial interese ou de utilidade municipal da relación que se entregou unida ao informe da comisión de avaliación por unanimidade dos asistentes.

Ás 13,33 horas (transcorridos (29' 05") non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, venres 9 de marzo de 2018

O secretario, Afonso Bieito Lorenzo Penela

Visto e prace, O alcalde, Fernando Pérez Fernández



Concello de Vilasantar

ACTA N° 2018/2
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018



2018

Concello de Vilasantar
(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galicia)
www.vilasantar.com

Informe da Secretaría-Intervención á aprobación da Modificación da ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóveis, o Imposto de Actividades Económicas e Imposto de Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Vilasantar

Sométese ante esta Intervención expediente de aprobación de Modificación da ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóveis, o Imposto de Actividades Económicas e Imposto de Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Vilasantar. De acordo co artigo 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, o acordo que ha de adoptar o Pleno non require maioría absoluta, polo que non sería preceptivo o informe desta Secretaría-Intervención. Non obstante, en funcións de asesoramento e tendo en conta que esta Intervención se verá afectada pola aplicación da Ordenanza no momento da fiscalización dos ingresos derivados da súa xestión, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO.- O expediente tramítase con arranxo ás disposicións contidas na legislación de régime local:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local -LRBRL-.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRHL-.

SEGUNDO.- De conformidade co previsto no artigo 15.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRHL-, "salvo nos supostos previstos no art. 59.1 desta lei , as entidades locais deberán acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes."

Ordenanza IBI

En concreto a modificación proposta afectaría ao artigo 4 da ordenanza nº 1 de Bens Inmóveis, ao que se engadiría un novo punto 3, que quedaría redactado do seguinte xeito:

"Artigo 4. Bonificacións.

3. Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Un 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo

Ordenanza fiscal.

1/5



Concello de Vilasantar

ACTA N° 2018/2

SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018



2018

Concello de Vilasantar

(Ru 9/n 15807 Vilasantar- Galicia)
www.vilasantar.com

Informe da Secretaría-Intervención á aprobación da Modificación da ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóbiles, o Imposto de Actividades Económicas e Imposto de Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Vilasantar

Sométese ante esta Intervención expediente de aprobación de Modificación da ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóbiles, o Imposto de Actividades Económicas e Imposto de Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Vilasantar. De acordo co artigo 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o acordo que ha de adoptar o Pleno non require maioria absoluta, polo que non sería preceptivo o informe desta Secretaría-Intervención. Non obstante, en funcións de asesoramento e tendo en conta que esta Intervención se verá afectada pola aplicación da Ordenanza no momento da fiscalización dos ingresos derivados da súa xestión, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO.- O expediente tramítase con arranxo ás disposicións contidas na lexislación de réxime local:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRHL-,

SEGUNDO.- De conformidade co previsto no artigo 15.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRHL-, "salvo nos supostos previstos no art. 59.1 desta lei , as entidades locais deberán acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes."

Ordenanza IBI

En concreto a modificación proposta afectaría ao artigo 4 da ordenanza nº 1 de Bens Inmóbiles, ao que se engadiría un novo punto 3, que quedaría redactado do seguinte xeito:

"Artigo 4. Bonificacións.

3. Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Un 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo

Ordenanza fiscal

1/5



Concello de Vilasantar

ACTA N° 2018/2
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018



2018

Concello de Vilasantar
(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galicia)
www.vilasantar.com

- Un 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- Un 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación únicamente a aqueles inmobilios nos que teña lugar a implantación dunha nova actividad económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplien as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Esta bonificación manterase únicamente durante tres exercicios orzamentarios.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioria simple dos seus membros."

Ordenanza IAE

En concreto a modificación proposta afectaría ao artigo 2 da ordenanza nº 9 de actividades económicas que quedaria redactado do seguinte xeito:

"Artigo 2º"

De acordo co establecido no artigo 89.2 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, establecense as seguintes bonificacións a aplicar sucesivamente sobre a cota correspondente:

A/Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación únicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividad económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Esta bonificación manterase únicamente durante tres exercicios orzamentarios.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioria simple dos seus membros."

B) Utilización de enerxías renovábeis ou sistemas de coxeración conforme ao apartado c) do artigo 89.2, o

Ordenanza fiscal

2/5



Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2018/2

SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018



2018

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galicia)

www.vilasantar.com

50%

Nota desaparece

A/ Inicio de exercicio de actividade conforme ao apartado a) do artigo 89.2, o 50%

Ordenanza ICIO

En concreto a modificación proposta afectaría ao artigo 4 da ordenanza nº 3 de Construccións Instalacións e Obras que quedaría redactado do seguinte xeito, ao modificarse o título e incluirse un novo punto 2.:

Artigo 4º. Exencións e bonificacións

1.- Esta exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construcción, instalación ou obra da que sexa dono o estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeitas a este, sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, ainda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de investimentos nova como de conservación.

2.- BONIFICACIÓN

A cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras será susceptible de bonificación nos seguintes supostos:

Está establecida unha bonificación de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Un 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Un 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- Un 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación únicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aquellas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos desde o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do concello dentro dos 15 días seguintes ao remate de cada trimestre. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

Corresponderán ditas declaracións ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

Ordénanza fiscal

3/ 5



Concello de Vilasantar

ACTA N° 2018/2

SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018



2018

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galicia)

www.vilasantar.com

TERCEIRO.- O expediente deberá someterse a estudio pola Comisión Especial de Contas dada a súa equiparación como Comisión de economía e facenda por acordo plenario de data 26-06-2015, por así esixilo, entre outros, o artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 82 e 123 entre outros, do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

CUARTO.- O expediente, completo e ditaminado pola Comisión Especial de Contas, deberá elevarse ao Concello Pleno para o seu debate e aprobación, se procede, por maioría simple.

QUINTO.- O acordo de aprobación provisional será exposto ao público por prazo mínimo de trinta días hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de editos do Concello para que os interesados poidan formular reclamacións.

SEXTO.- Poderán presentar reclamacións quen teñan un interese directo ou resulten afectados polo acordo, e os Colexios Oficiais, Asociacións e demais Entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos ou veciñais, que actúen en defensa dos que lles son propios.

SÉTIMO.- As reclamacións presentadas deberán ser resoltas polo Concello Pleno que acordará, ao mesmo tempo a aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal.

No entanto, e no caso de que non se presenten reclamacións non será necesaria a adopción de novo acordo, estendéndose a tales efectos certificación acreditativa de tal extremo pola secretaría xeral.

OITAVO.- En todo caso, os acordos definitivos, ou os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia BOP.

NOVENO.- Contra o acordo sobre a Modificación da ordenanza reguladora dos Impostos de Bens Inmóbiles, Imposto de Actividades Económicas e Imposto de Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Vilasantar só poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia ou de conformidade co establecido nos artigos 48 e 107.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; e iso sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

DÉCIMO De todo o ata agora exposto cabe concluir que o proxecto de Ordenanzas fiscais reguladoras do IBI, IAE e ICIO que obra no expediente axústase a dereito, incluída a bonificación prevista, e polo tanto infórmase favorablemente, coa anotación do parágrafo seguinte, debendo seguirse a tramitación que se indica no artigo 17 do TRLRFL.

Non obstante o anterior é obriga deste secretario-interventor advertir de que a aplicación das novas

Ordenanza fiscal.

4/5



Concello de Vilasantar

ACTA N° 2018/2
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018



201

Concello de Vilasantar
(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galicia)
www.vilasantar.com

bonificacións van supor, evidentemente, unha baixada na recadación destes tributos. Isto deberá terse en conta na medida que vai afectar á capacidade de financiamento e por tanto á marxe de Estabilidade orzamentaria, e mesmo tamén ao cómputo da Regra de gasto xa que para o cálculo desta hai que ter en conta que segundo o art. 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, cando se aproben cambios normativos que supoñan diminución da recadación ao nivel de gasto computable deberá diminuíse na contía equivalente. A maiores hai que ter en conta que no exercicio anterior aprobáronse modificacións que afectaban a maiores bonificacións nos Impostos de IBI e IVTM que empezarán a ter aplicación neste exercicio.

En Vilasantar, a 26 de febreiro de 2018.

O secretario interventor

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela

2/5

Ordenanza fiscal

5/5



Concello de Vilasantar

ACTA N° 2018/2
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

INFORME BONIFICACIÓN I.B.I.

O Concello de Vilasantar, por medio do seu Alcalde, solicitanos ás traballadoras municipais Trinidad Veiras Freire e Lourdes García Sánchez que formemos o equipo de valoración para analizar a documentación presentada de bonificación do imposto sobre bens imóveis. En concreto sobre a bonificación que se engadiu ao artigo 4, que foi aprobada definitivamente o 18 de decembro de 2017.

Tras a entrega da documentación e unha vez estudiada a mesma informamos que houbo 125 solicitudes presentadas, todas elas por rexistro oficial de entrada antes do 31 de decembro de 2017.

Cinco das solicitudes non cumplen os requisitos esixidos; dúas delas por ser só vivenda, unha por ser fincas rústicas, unha fáltalle documentación e outra non se corresponden os datos.

As 120 restantes cumplen os requisitos esixidos e aplicáraselles os seguintes tipos de bonificación: 44 solicitudes ao 95%, 41 solicitudes ao 50% e 35 solicitudes ao 30%; eses porcentaxes serían porcentaxes de desconto a aplicar sobre a cota íntegra.

A suma das cotas íntegras das 125 solicitudes (recibos-referencias catastrais) é de 27.561,65€. Tras a aplicación dos porcentaxes de bonificación correspondentes a cantidade a pagar sería de 9.521,205€. Por tanto, a cantidade total bonificada das 125 solicitudes é de 18.128,735€.

Estas bonificacións producirían efectos dende o 1 de xaneiro de 2018, xa que as solicitudes foron presentadas antes do 31 de decembro de 2017.

Para que conste, asinamos a presente en Vilasantar a 19 de febreiro de 2018

Asinado:

Trinidad Veiras Freire

Asinado:

Lourdes García Sánchez



Concello de Vilasantar

ACTA N° 2018/2

SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018



2018

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galicia)
www.vilasantar.com

Informe da Secretaría-Intervención en relación ao procedemento a seguir en relación á documentación presentada por diversos particulares en relación ao artigo 4.2 da Ordenanza nº 1 deste concello reguladora do Imposto de Bens Inmóveis.

Sométese ante esta Intervención expediente de aprobación da documentación presentada por diversos particulares en relación ao artigo 4.2 da Ordenanza nº 1 deste concello reguladora do Imposto de Bens Inmóveis.

Hai que indicar que o mencionado punto establece:

2) - Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

- No suposto que nun mesmo inmoble existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicárselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmoble se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algúnhia.

Estas dúas bonificacións só beneficiarán aos profesionais en activo do sector primario que desenvolvan actividades agrarias, gandeiras ou forestais. Aplicarase unha bonificación do 30% aos pensionistas do réxime especial agrario que xa non estean en activo, no caso de cumplir as prescricións contidas nos dous parágrafos anteriores.

Para poder aplicar esta bonificación á construcción cuxa existencia motiva a súa solicitude, deberá estar dada de alta debidamente en Catastro e ter asinado un valor catastral económico

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao de presentación de solicitude.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria, gandeira ou forestal, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.

- Declaración de que no inmoble para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal. Dita declaración deberá vir

Informe

1/2



Concello de Vilasantar

ACTA N° 2018/2

SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 7 DE MARZO DE 2018



2018

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galicia)

www.vilasantar.com

asinada polo suxeito pasivo.

- Acreditación da titularidade catastral do inmoble.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.
- No caso de pensionistas do Réxime especial agrario deberán de presentar xustificación da orixe da pensión.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto de esta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar no Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

En relación ao anterior,

INFORMO

PRIMEIRO.- A 31 de decembro de 2017 presentáronse 125 solicitudes, que por tanto surtirán efectos, no seu caso, no exercicio de 2018, previa declaración de especial interese ou de utilidade municipal polo pleno da corporación.

SEGUNDO.- Para o estudo e revisión das solicitudes presentadas constitúuse unha comisión formada polas traballadoras deste concello, Lourdes García Sánchez e Trinidad Veiras Freire.

TERCEIRO.- Do resultado da mencionada revisión foron declaradas completas e por tanto bonificábeis 120 solicitudes, rexitándose 5. O importe total da bonificación é de 18.128,73 euros.

CUARTO.- Corresponde ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, debendo contar co voto favorable da maioria simple dos seus membros.

QUINTO.- Certificación do acordo anterior, en unión da relación na que figuren como mínimo a referencia catastral, o nome do titular, a data de presentación da solicitude e a porcentaxe de bonificación, remitirse ao Servizo de recadación da deputación provincial.

En Vilasantar, a 26 de febreiro de 2018.

O secretario interventor

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela

Informe

2 / 2